

ACTA 2/2016- Reunión Mesa recuperación ambiental Ria do Burgo e bacía do Río Mero

Culleredo- 6/09/2016 Inicio:12:00hh. Fin: 14:20h.

Sendo as 12horas do día 6 de setembro de 2016, na Sala de Xuntas do Concello de Culleredo reúnense en sesión ordinaria a Mesa de Recuperación ambiental Ría do Burgo e Bacía do Río Mero asistindo á mesma:

Asisten:

- Verónica Campos (Asesora de Medio ambiente, Concello de A Coruña)
- Antón (Técnico medio ambiente, Concello de A Coruña)
- Jorge Blanco (Xestor do Órgano de Xestión da Reserva de Biosfera "Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo")
- Jose Agustín Barca Cotelo (Xefe da Sección de Planeamento e Xestión – Concello de Cambre)
- Rodrigo López (Concelleiro obras publicas e medio ambiente, Concello de Oleiros)
- Beatriz Golán (Enxeñeira técnica agrícola, Concello de Culleredo)

1

Non asisten:

- Mº Carmen Iglesias (Técnica medio ambiente , Concello de Abegondo)
- María García (Concelleira medio ambiente, Concello de A Coruña) Jose Ramón Rioboo Castro (Concelleiro de seguridade cidadá, medioambiente,servizos e obras – Concello de Culleredo)
- Juan González Leirós (Concelleiro de urbanismo e medio ambiente – Concello de Cambre)
- Gustavo Quindimil (Concelleiro de Desenvolvemento sostible e medio ambiente – Concello de Abegondo)
- Juan José Pernas (Xefe do servizo de Medio ambiente. Concello de A Coruña)
- Lois Suárez Becerra (Concelleiro de Medio ambiente – Concello de Sada)

En dita reunión desenvólvese o seguinte orde do día:

1. Aprobación acta da sesión anterior
2. Presentación de propostas de cada concello da delimitación no mapeo de especies invasoras
3. Análise das propostas formuladas na mesa de coordinadores
4. Rogos e preguntas

ACORDOS ADOPTADOS

1. Aprobase a acta da sesión anterior
2. En relación ao mapeo de cada concello para delimitación de especies invasoras, acordase por unanimidade que en propoñemos traballar nunha zona inicial marcada como "zona piloto" que será a Bacía do Rio Mero.

Jorge Blanco apunta que temos a opción de financiamento do 80% a través do programa LEADER, polo que se acorda estudar esta posibilidade para redactar un proxecto de plan de erradicación da herba da pampa específico delimitando a zona de actuación (ancho arredor da marxe do río) e presupostar os traballos para presentar cando se abra o período de solicitudes. A zona obxecto deste proxecto inicial iría dende o comezo do paseo fluvial na Barcala (debaixo da AP-9) ata o encoro de Cecebre , e no largo terase en conta a liña de expropiación.



Jorge Blanco, apunta que dende o APP da Reserva da Biosfera contan cun apartado de identificación e xeorefenciación de especies invasoras polo que se acorda que nos facilitará a cada un dos concellos as que xa están identificadas en cada un deles para iniciar o traballo de inventario precioso para o plan de erradicación.

O proxecto podería ser presentado en conxunto polos concellos ou, o que parece mais viable, a través do Consorcio das Mariñas por estar implicados os Concello de Culleredo, Cambre, Abegondo e Coruña.

Tamén se acorda estudar a posibilidade de redactar ordenanzas municipais en común, tendo en conta que o Concello de Coruña xa leva avanzado traballo nesta materia, comprométense a que unha vez teñan documentación a facilitarán para poñer o traballo en común co resto dos Concellos.

3. No tocante as propostas formuladas na mesa de coordinadores, Verónica propón manter unha reunión con Emalcsa co fin de concretar os temas que se están a estudar dende a Mesa do Ciclo da Auga e os que en materia de vertidos se tratarían e estudarían na mesa da Ría, como por exemplo ;vertido cero, inspección, control , regulamentación....., en xeral temas que xa se trataron na anterior reunión pero que non queda claro se o debemos tratar dende a Mesa de recuperación ambiental da Ria do Burgo e Bacía do Rio Mero.

Tamén se propón dende a mesa de coordinadores estudar a posibilidade de ampliar os estudos e traballos desta mesa ás Rias de Sada, Betanzos para traballar en común cos Concellos de Bergondo, Sada e Betanzos que ata o de ágora non están a participar, e que, pode parecer que os traballos que dende aquí se tratan non lles afectan a estes termos municipais.

4. Dende o Concello de Culleredo proponse abordar en próximas reunións o fito “estrategia de turismo sostible integrada” que inicialmente aparece no calendario para Decembro de 2018, a proposta basease en que o Concello de Coruña está iniciando a elaboración dun Plan estratéxico de Turismo polo que é interesante que dende está mesa se comece a traballar para integrar neste plan toda a área metropolitana ou ámbito da Ría.

Jorge Blanco, propón dende a Reserva da Biosfera que é moi interesante ligar ao Turismo a posta en valor de recursos, como un plan de desenvolvemento sostible.

Verónica proponle a Jorge como representante da Reserva manter unha reunión a próxima semana co departamento de Turismo de A Coruña para ver aspectos a traballar en común.

Jorge Blanco, comenta que dende a Reserva da Biosfera e dentro do Programa de Voluntariado ambiental da Fundación Biodiversidade e Decathlon España, solicitouse unha actuación no paseo fluvial do Rio Mero, consistente no control de especies invasoras mediante a corta dos plumachos (so da flor) da Herba da Pampa, dende a Barcala ata o encoro de Cecebre. A actuación está aprobada e se realizará o día 25 de setembro polo mañá .

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás 14:20h, levántase a reunión.

Culleredo, 6 de setembro de 2016

Asdo. Beatriz Golán Pardo

